



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE HISTORIA DO 16 DE MARZO DE 2021

### ASISTENTES

#### **Presidente**

Prada Rodríguez, Julio

#### **Vicedecano e Coordinador de calidade**

Presedo Garazo, antonio

#### **Vicedecana e Representante da**

#### **Administradora**

Arribas Álvarez, Carmen

#### **Secretario**

Rodríguez Teijeiro, Domingo

#### **Coordinador do Mestrado en Valoración e Xestión do Patrimonio Cultural**

Pérez Losada, Fermín

#### **Coordinadora de Grao**

Vaquero Díaz, M<sup>a</sup> Beatriz

#### **Colaboradora de Calidade**

López Díaz, María

#### **Membros da sociedade**

Campos Seijo, Francisco Borja

### DESCULPAN AUSENCIA

#### **Enlace de igualdade e coordinadora do Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade**

Reboreda Morillo, Susana

#### **PDI**

Barriocanal López, Yolanda

Comendador Rey, Beatriz

#### **Alumnado**

Lucía Domínguez Carrera

#### **PAS**

Rodríguez Bouzas, Josefa

#### **Membros da sociedade**

Garrido Labrador, Begoña

A comisión realizarase de xeito telemático a través de Campus Remoto, na sala de xuntas 1 da Facultade de Historia, reuníndose os membros da Comisión de Calidade que figuran á marxe, o mércores 16 de marzo de 2022, ás 10.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 16 de decembro de 2021.
- 2.- Informe do presidente.
- 3.- Validación, se procede, dos seguintes novos procedementos aprobados pola Comisión de Calidade da UVigo con data 22/02/2022:
  - a. DE01 Índice 05. Programación e desenvolvemento estratéxico
  - b. Novo Manual de Calidade do Centro e Novo Manual de Calidade Institucional.
- 4.- Validación, se procede, dos rexistros dos seguintes procedementos:
  - a. R3 PE02 P1. Listaxe de acción formativas derivadas de necesidades detectadas do PDI.
  - b. R1-DO0301 P1. Verificación/Chequeo de información pública.
  - c. 102 R3-DO102 P1. Informe de revisión interna.
- 5.- Asuntos de urxencia.
- 6.- Rolda de intervencións.

O decano dá lectura aos nomes dos membros da Comisión de Calidade que asisten e dos que desculpan a súa ausencia á sesión e que se relacionan á marxe desta acta.



**1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 16 de decembro de 2021.**

Apróbase a acta por asentimento dos presentes.

**2.- Informe do presidente.**

O presidente informa aos membros da Comisión cos que aínda non tivera ocasión de falar persoalmente que, como a maioría sabe, asumíu o decanato con carácter provisorio, co mandato do reitor de convocar eleccións no prazo de seis meses unha vez que non se presentaron candidaturas no pasado mes de xaneiro.

En segundo lugar, pide que conste en acta o seu agradecemento a Carmen e a Antonio por acompañalo neste período transitorio como membros do equipo decanal en funcións e tamén agradece a todos e a todas os/as membros da Comisión de Calidade a súa colaboración.

Lembrar que como se pode ver polos puntos 3 e 4 é preciso validar unha serie de procedementos e rexistros aprobados recentemente pola Comisión de Calidade da Universidade, entre os cales está o novo manual de Calidade do Centro. Como resultado deste novo manual, resalta que se modifica a composición da comisión de calidade da nosa Facultade e isto nos obrigará unha serie de cambios no noso regulamento de réxime interno e tamén á aprobación dun regulamento específico desta comisión de calidade. En consecuencia, nos vindeiros meses procederemos a elaborar o borrador dese regulamento e a realizar os cambios normativos e logo teremos que adaptar a composición da nova comisión aos mesmos. Pero iso xa será para novas xuntanzas.

Cédelle a palabra ao vicedecano e coordinador de calidade, Antonio Presedo, que é quen asumiu xa as tarefas relacionadas coa calidade e que comentará brevemente os procedementos e rexistros que se someten á validación nos puntos 3 e 4.

**3.- Validación, se procede, dos seguintes novos procedementos aprobados pola Comisión de Calidade da UVigo con data 22/02/2022:**

- a. **DE01 Índice 05. Programación e desenvolvemento estratéxico.**
- b. **Novo Manual de Calidade do Centro e Novo Manual de Calidade Institucional.**

**4.- Validación, se procede, dos rexistros dos seguintes procedementos:**

- a. **R3 PE02 P1. Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas do PDI.**
- b. **R1-DO0301 P1. Verificación/Chequeo de información pública.**
- c. **102 R3-DO102 P1. Informe de revisión interna.**



Toma a palabra o Vicedecano e coordinador de Calidade Antonio Presedo, quen indica que se trata de cuestións procedimentais que a Comisión ten que validar. Son dous procedementos que foron aprobados pola Comisión de Calidade da Universidade de Vigo o 22 de febreiro e os outros son rexistros que forman parte da axenda de calidade e que son comúns a todos os centros da Universidade; algúns deles ían con retraso e por diversos motivos non se validaron no seu momento e o prazo para a súa introdución na aplicación está esgotándose.

Despóis de explicar pormenorizadamente os dous procedementos, o Vicedecano indica que máis adiante a comisión terá que traballar na elaboración do Plan Estratéxico e que é partidario de que se leve a cabo coa colaboración e as aportacións de todos os membros da Comisión.

O Vicedecano explica con detalle as características dos tres rexistros, indicando que algún deles estaba pendente de aprobación dende fai xa algúns meses e que se esgota o prazo para a súa introdución na aplicación. En relación co informe de revisión interna comenta que dende calidade simplificouse ao enviar unha serie de directrices que hai que incorporar no informe de revisión pola dirección e que insisten na necesidade de que as metas propostas teñan concreción nas actividades de calidade do centro.

Valídanse os dous procedementos e os tres rexistros por asentimento

## **5.- Asuntos de urxencia.**

Non hai asuntos de urxencia.

## **6.- Rolda de intervencións.**

Pregunta o presidente se os coordinadores teñen algún apuntamento que facer ou se o resto dos membros da Comisión quere comentar algo.

Non hai intervencións.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10.30 horas do día 16 de marzo de 2022, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace da decana.

O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro